

FORMACIÓN ACADÉMICA:

- **Licenciada en Historia da Arte** pola Universidade de Santiago de Compostela (1994-1998).
- **Diploma de Estudos Avanzados en Historia das Ciencias e das Técnicas** no Departamento de Física Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela e realización da **Tese de doutoramento Isidro Parga Pondal e a súa comunidade** no programa de doutoramento Historia das Ciencias e das Técnicas.
- **Posgrao en Xestión Cultural: Organización e xestión de empresas culturais** pola Universitat Oberta de Catalunya (2007-2008).

CONFERENCIAS, PUBLICACIÓNS E OUTROS MÉRITOS:

- Dende o 1 ata o 31 de abril de 2006 imparto un *Obradoiro de Creación Literaria* no **IES Punta Candieira** de Cedeira con alumnos de 3º da ESO a través da AELG.
- Dende o 26 ata o 30 de maio de 2008 imparto un *Obradoiro de Creación Literaria* no **CEIP Eladia Mariño** de Cabanas con alumnos de 5º e 6º de primaria a través da AELG.
- Conferencias: *A mocidade coa lingua* na Casa da Cultura de Valdoviño impartida para todo CEIP Atios Valdoviño 19 de maio de 2006 e organizada pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística e *A Muller na literatura galega* no local cultural da *Asociación de Mujeres Amistad* o 30 de abril de 2007.
- Realización do traballo de investigación histórico-literario *Don Eladio Rodríguez González no Día das Letras Galegas. 17 de maio de 2001*. tutelado por Xavier Frías Conde cunha carga lectiva de 50 horas e proferín unha conferencia sobre o mesmo tema na *Galería Sargadelos* de Madrid.
- Publicacións: do artigo *O Museo do Pobo Galego* na revista *Murguía. Revista de Historia*. Nº 3 xaneiro-abril 2004, do catálogo sobre o *I Encontro Internacional Arte e Natureza* que tivo lugar en Aldea Nova en Narón en setembro de 2008 e editado por Ediciones Embora, revisión de textos e realización de textos no catálogo da exposición *X. M. Tomé Antolóxica* publicado por la Universidad de Santiago de Compostela en 2007 e realización do texto do tríptico da escultura pública do artista Loureiro conmemorativa do Ano da Memoria en abril de 2006 da clausura do ciclo *Non des ao esquecemento* e de múltiples trípticos para as exposicións da *Galería Sargadelos de Ferrol*, de libros de poesía *Desterrada do meu corpo* (2001), *Deshabitada, e sen verdugo* (2002) e *Cara a un solpor de gatos* (2005), obra esta última da que é coautor Antonio Fernández Seoane.
- Participación como membro do xurado do XVII Concurso de Poesía Xosé María Pérez Parallé do Concello de Fene en novembro de 2004 e do VII Certame de Microrrelatos Lonxa Literaria da Asociación Lonxa Literaria de Moaña en novembro de 2009.
- Gañadora do 1º premio do IV Concurso de Intercentros do Concello de Narón co relato *Monotonía ao espertar*, no VII Concurso de Contos Repsol en Lingua Galega co relato *Mañá, se cadra, non será un día máis*, 1º premio na modalidade de poesía no IV e no V Certame Galego de Poesía, Narración e Ensaio Francisco Fernández del Riego, II e III Concurso de Relato curto e poesía do Concello de Valdoviño.
- Autora de *Desterrada do meu corpo* (2001), obra gañadora do 1º Premio Letras de Cal, *Deshabitada, e sen verdugo* (2002) e *Cara a un solpor de gatos* (2005), obra esta última da que é coautor Antonio Fernández Seoane e gañadora da III edición do Premio de Poesía Afonso Eanes do Cotón e das obras colectivas *Isto é un poema e hai xente detrás* (2007) gañadora do Certame Galego de Creadores Novos Gzcrea 2006 na modalidade de poesía, *Letras Novas* (2007), *Sempre mar: cultura contra a burla negra* (2003), *Somni de paper* (2001) e *Cuatro cuentos* (1997).

DATOS XERAIS:

- Socia de CEDRO (CENTRO ESPAÑOL DE DERECHOS REPROGRÁFICOS) dende 01 de xuño de 2004 en calidade de autora.
- Socia da AELG (ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA) dende 27 de abril de 2004 como escritora.
- Secretaria da AGGA (ASOCIACIÓN DE GALERISTAS PROFESIONAIS DE GALICIA) dende o 12 de xuño de 2006.
- Tesoureira da ASOCIACIÓN CULTURAL LÚA GRIS dende o 3 de outubro de 2008.